

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda**, a iniciativa do seu deputado e portavoz suplente **Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos:

O ex primeiro ministro británico Tony Blair, un dos integrantes do chamado trío das Azores canda a George Bush e José María Aznar, pediu recentemente perdón pola guerra de Iraq aducindo posuír información errónea de intelixencia sobre o que habería acontecer no país despois da invasión e dicindo que esa invasión puido influír no nacemento do Estado Islámico. Mentres a opinión pública mundial sabía perfectamente que a guerra de Iraq era un feito inxustificable que habería crear máis problemas dos que habería solucionar, semella só o trío das Azores non previron o caos que habería causar a invasión de Iraq.

O Partido Popular da altura, incluída a súa rama galega da que Alberto Núñez Feijoo era xa destacado dirixente, pechou filas con José María Aznar sobre a guerra de Iraq contra a opinión contraria da maioría esmagante da poboación do Estado español. Mariano Rajoy, o candidato do Partido Popular ás eleccións xerais do vindeiro 20 de decembro, era ministro de Presidencia e Portavoz do goberno Aznar.

En atención ao referido, o Grupo Parlamentar da Alternativa Galga de Esquerda presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que demande ao Presidente do Goberno español, Mariano Rajoy, que pida disculpas por formar parte dun goberno que apoiou irresponsablemente unha guerra de rapiña polos recursos enerxéticos e que creou máis problemas e danos dos que resolveu.

Santiago de Compostela, 27 de outubro de 2015.



Asdo.: Antón Sánchez García
Deputado e Portavoz S. do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Anton Sánchez García na data 27/10/2015 12:57:15